

GHARBO!

Gharbo! s.m. 1. Elegancia e desenvoltura nos movementos corporais. *Donaire, gracia, xeito.*
2. Manifestación dun excesivo amor propio. *Vai amainando o garbo.* SIN. *fachenda, soberbia.* 3. Desenvoltura e brío con que se fai algo.

Gharbo! s.m. 4. Celme do noso espectáculo. Punto de partida para contar unha historia. A nosa historia.
5. Enerxía que tiraba ós galegos a botarse ó mar. A enfrontarse cunha costa con nome de morte. A pasar as mareas vivas e os temporais. 6. Forza para sacar as bestas ó monte, aínda con temporal. A exprimir a terra coas mans malia a idade ou o mal tempo. 7. Coraxe para emigrar. Para manter o amor a distancia. Para loitar. 8. Xeito para bailar. Para celebrar as festas. 9. Alegría. Optimismo. Teima.

obxectivo

Gharbo! nace coa idea de ser a segunda montaxe de sala da Compañía CONTRA2 formada por Iván Villar e Nelson Quinteiro.

Depois da súa presentación con “Danza e Contradanza” pretenden dar unha volta de parafuso na súa particular linguaxe escénica e xeito de entender a danza e o canto tradicional galegos.

Se o primeiro espectáculo estaba baseado na voz e o movemento sen máis adornos que os ofrecidos pola propia tecnoloxía (loops, delays, efectos ou escenas sonoras) en **Gharbo!** pretendemos ir máis aló ó contar cun elenco moito máis amplo no que se refire tanto á parte coreográfica como á parte musical, para ir tecendo unha historia que fale de nós e da nosa memoria colectiva.

Cunha escenografía simbólica e compartida, que representa un típico galpón ou chabola das casas mariñeiras, o propio espacio convírtese nun ente propio e emocional que fala das nosas lembranzas e das nosas actitudes colectivas, entre elas o **Gharbo!**, que vén a ser unha metáfora da propia identidade de sermos galegos.

Levaremos ó respetable a viaxar por unha memoria construída sobre o mundo das pequenas cousas, en base a sons e arrecendos, a sensacións, a imaxes compartidas que nos lembran ó arquivo fotográfico de Manuel Ferrol ou de Virxilio Vieites. Reminiscencias sobre o traballo dos homes galegos, sobre o mar, o agro, a canteira, a emigración...

Unha nova montaxe que queremos, supoña unha nova peza na música e na danza tradicionais galegas.

linguaxe

Gharbo! propón fundamentalmente unha fusión entre a música e a danza tradicional e novas formas musicais e de movemento máis experimentais.

Para a consideración deste proxecto, o Centro Coreográfico Galego valorou especialmente a súa calidade e interese artístico, a traxectoria profesional e solvencia da compañía e dos artistas, e a achega ao desenvolvemento e á renovación das artes escénicas en Galicia.

Neste proxecto a esfera musical cobra grande intensidade. Está dirixida por **Nelson Quinteiro**, que pon a súa voz, repertorio e universo polifónico ó servizo de tres músicos cunha dilatada traxectoria profesional, como son **Xosé Lois Romero, Xesús Vaamonde e Ricardo Rozas.**

O obxectivo musical é crear unha banda sonora en directo coa particular fusión de música tradicional que leva a escena Nelson Quinteiro, facendo da voz o alicerce fundamental pero incorporando neste

GHARBO!

proxeito a profesionais do calado e traxectoria que son Romero, Vaamonde ou Rozas para aportar todo o seu universo multiinstrumental e tecnolóxico ó servizo das letras tradicionais, monólogos ou escenas sonoras que servirán como soporte ó aspecto coreográfico.

Unha potente banda sonora composta por temas tradicionais (xotas, maneos, muiñeiras, pasodobles, alalás ou tangos) que falan do mar, das tarefas do agro, de emigración, e arranxadas cun particular estilo e formación (guitarra, acordeón, zanfona, polifonía e percusión) que conforman un novo son dentro do panorama musical galego.

En canto á esfera coreográfica, dirixida por **Iván Villar**, o espectáculo baséase no tándem creado polo bailarín **Pastor Rodríguez Feal** e o propio Villar ós que acompañará **Nelson Quinteiro** en momentos puntuais do espectáculo. O obxectivo coreográfico é retroalimentar e fusionar diferentes conceptos de movemento cunha moi marcada raíz tradicional como vén sendo habitual na linguaxe do coreógrafo. Cunha aposta clara pola presenza escénica destes profesionais, **Gharbo!** propón unha fusión entre a danza tradicional, clásica e neoclásica, con outro laboratorio de movementos que nos evocan á danza moderna ou ó flamenco, sen perder endexamais as esencia das que beben, que son fundamentalmente as da propia tradición galega.

En canto ó aspecto técnico o Centro Coreográfico Galego aporta a colaboración do iluminador **Jesús R.Arias** así coma do técnico de son **Hugo Peñamaría** en todo ao que se refire deseño e implementación de luces, asesoramento técnico no caso do son, sonorización e tarefas relacionadas. Os dous amósanse como profesionais de grande talla, e con bastantes proxectos en común nestes últimos anos tanto con Villar coma con Quinteiro en diferentes propostas escénicas

CO-PRODUCCION CCG

Gharbo! supón unha nova forma de entender as relacións entre a administración pública e as entidades privadas no xeito en que o ente institucional funciona como entidade arroupadora e facilitadora e a entidade privada non aparece como mera subsidiaria das axudas da administración. Deste xeito, tanto a AGADIC coma o Centro Coreográfico Galego non aportan nengún tipo de asignación económica pero sí de cobertura, cedendo instalacións, equipo humano e técnico, relacións institucionais, asesoría legal, xurídica e comercial, e infraestrutura técnica e de material para a creación e xira do espectáculo.

A empresa, neste caso a compañía aporta o equipo artístico, a súa capacidade de traballo, formación, traxectoria e talento no proxecto de emprender unha montaxe na que ademais do respaldo institucional poden ofrecer un espectáculo a un prezo moi razoable dadas as características da montaxe.

CRONOGRAMA

9 DE XANEIRO DE 2011. Inicio da montaxe.

Sinatura do convenio de coproducción por espazo temporal dun ano.
A montaxe musical e coreográfica, nesta etapa correrá paralelamente.

9 DE FEBREIRO O DE 2012. Implementación da montaxe.

Nesta fase creativa a montaxe terá lugar con todo o personal implicado nela. Nese momento ensamblaremos as dúas dimensión da montaxe de cara ir definindo unha proposta definitiva.

gharBo!

ABRIL DE 2012. Fase de montaxe técnica

Unha vez creada a proposta escénica comezaremos coa implementación da cobertura técnica. Para elo combinaremos a residencia técnica no Centro Ágora da Coruña, onde poder realizar dito proceso, e xa de paso adiantar traballo de fotografía e filmación de cara a unha promoción contundente do espectáculo, fase que comezaría neste prazo.

10 E 11 DE MAIO. ESTREA

A estrea estará prevista para o 10 e 11 de maio de 2012, xoves e venres, no Teatro Rosalía de Castro da Coruña, dentro do ciclo TRC Danza.

A PARTIRES DA ESTREA E ATA O 9 DE XANEIRO DE 2013

Traballo de seguimento, mellora e planificación do traballo artístico de cara a xira ou funcións da montaxe. Traballo de edición e distribución discográfica do traballo musical.

Dentro deste ciclo o espectáculo está plenamente dispoñible para a súa contratación, tanto completa como do seu equipo musical.

9 DE XANEIRO DE 2013

No caso de seguir co espectáculo en activo estudo da posibilidade de prórroga na co-producción.

FICHA ARTÍSTICA E TÉCNICA

Nome do espectáculo:.....gharBo!
Representante:.....Nelson Quinteiro Roa
Lugar da estrea:.....A Coruña
Data da estrea:.....10 e 11 de maio de 2012
Duración:.....60-70 minutos aprox.
Clasificación:.....Danza
Tipoloxía:.....Tradicional / fusión
Público:.....Todos os públicos
Autor:..... Iván Villar e Nelson Quinteiro
Dirección escénica:..... Iván Villar e Nelson Quinteiro
Escenografía..... Contra2 e CCG
Deseño son.....Hugo Peñamaría
Deseño iluminación.....Jesús R. Arias
Vestuario..... Contra2 e CCG
Dirección musical.....Nelson Quinteiro
Dirección Coreográfica.....Iván Villar
Idioma.....Língua galega

GHARBO!

Elenco artístico

Bailaríns: Iván Villar, Nelson Quinteiro, Pastro Rodríguez Feal

Músicos: Nelson Quinteiro, Ricardo Rozas, Suso Vaamonde, Xosé Lois Romero

Datos Técnicos

Ancho:.....8 m

Alto:.....5 m

Fondo:.....8 m

Son:.....1500 w

Iluminación:.....45000 w

CURRÍCULUM



IVÁN VILLAR

Iván Villar formou parte do Ballet Galego Rey de Viana dende o ano 1996 ata o 2006.

Trala disolución do mesmo forma parte da montaxe *Vacuo* do Centro Coreográfico Galego.

Posteriormente incorpórase á compañía Nova Galega de Danza coa montaxe *Tradicción*.

Dirixe e coordina a Compañía Entrecaxas.

En flamenco destaca como solista da montaxe *Sueño Flamenco* de Beatriz Gamborino e Marco Vargas. Tamén forma parte do espectáculo *Rosas Negras* da Compañía El taller.

No 2008 funda a compañía CONTRA2 con Nelson Quinteiro, presentando, de cara o 2010 o espectáculo *CONTRA2: DANZA E CONTRADANZA*.

No 2011 estrea o espectáculo infantil "PAPIROFLEXIAS" coa compañía CONTRA2

GHARBO!



NELSON QUINTEIRO

Nelson Quinteiro preséntase como intérprete de música tradicional dende fai máis de dez anos.

Neste eido vén de poñer voz ó grupo “Cabeza de Pau” ou colaborar co grupo “Liñaceira”.

No 2009 crea o espectáculo “*As Mans Perdidas*” en solitario, no que ofrece a tecnoloxía do loop para recrear escenas sonoras e polifonías en directo aplicadas ó canto tradicional.

No 2009 funda a compañía CONTRA2 con Iván Villar, presentando, de cara o 2010 o espectáculo *CONTRA2: DANZA E CONTRADANZA*.

Na actualidade aparece como un home multidisciplinar no amplo sentido da palabra. Nos últimos anos desenvolve unha actividade escénica moi destacable dende todos os costados: produción, creación, formación, dirección ou interpretación.

Ademais de dirixir o Festival Galego de Cabaré que celebra no 2011 a súa sexta edición na cidade da Coruña, a Compostela Carpa Cabaré nas Festas de Apóstolo 2009 ou a Compañía Femme Fatale, coa que ten dirixido obras como *Lerchas*, *Varadas*, *Cabarén crise* ou *Cabaré de ambulante*.

No 2011 estrea a montaxe BRANCAS. Itinerario Escénico Urbano para a Compañía Femme Fatale, o espectáculo infantil “PAPIROFLEXIAS” coa compañía CONTRA2 e a obra de cabaré contemporáneo “AS NENAS PERDIDAS”, estreada o 29 de outubro no teatro Rosalía de Castro da Coruña e o 4 de novembro no Auditorio Municipal de Ourense.



PASTOR RODRÍGUEZ FEAL

Pastor Rodríguez (Ferrol, 1974) preséntase como unha das caras máis coñecidas dentro da danza en Galicia. Ademais de participar no Ballet Gallego Rey de Viana dende o ano 1992 ata o 2000, presenta outro tipo de inquedanzas que o levan a Madrid a recibir formación teatral na Escola de teatro “La Barraca”. De volta á Coruña formou parte do Ballet Druida (A Coruña) dende 2004 ata 2008, participando en todas as súas montaxes nesta época, ademais de participar no corpor de baile do programa “Luar” da TVG. Durante o ano 2009-2010 forma parte do Centro Coreográfico Galego coa montaxe “Etheria”. Compatibiliza o seu perfil de bailarín con traballo en audiovisual, como na serie Padre Casares, Profesor de danza no programa “Son de Estrelas” da TVG ou nos filmes Los muertos van de prisa, ou Divertimento.

GHARBO!



XOSÉ LOIS ROMERO

Percusionista, acordeonista e compositor de formación autodidacta na música tradicional e popular galega, dende 1995 é membro do *Grupo de Música Tradicional da AGADIC* (Axencia Galega das Industrias Culturais) dependente da Xunta de Galicia. Ten formado parte de numerosas formacións tradicionais entre as que destacan os cuartetos *Lelia Doura* e *Luvás Verdes*, ambas dúas referenciais na música galega e coas que ten acadado os premios máis importantes no eido da música folclórica en Galicia.

Foi membro fundador da compañía *Nova Galega de Danza* no ano 1999, na que exerceu como director musical, compositor e intérprete nos espectáculos "*Alento*" (2003), Premio Opinión a Mellor Disco Galego do Ano, e "*Engado*" (2006).

Foi o responsable dos arranxos e a dirección musical do espectáculo e disco "*Terra de soños*", con 28 recoñecidos músicos e cantantes galegos en escena, e que supuxo o retorno aos escenarios de Fuxan os Ventos, o grupo vocal máis importante da historia de Galicia.

En 2009 edita "*Música para Ovay*" coa banda sonora do primeiro espectáculo da Compañía de danza de Quique Peón.

Dende 2008 co-dirixe, xunto a Xesús Vaamonde, a colección didáctica "Pel e madeira", que publica periodicamente, en formato libro-CD, repertorio popular arranxado para instrumentos tradicionais galegos.

Ten colaborado con numerosos artistas galegos, tanto en gravacións coma en directo, e obras da súa autoría forman parte dos seus repertorios: Mercedes Peón, Susana Seivane, Guadi Galego, X. M. Budiño, Leilía, Xabier Díaz, Fuxan os Ventos, Uxía, Faltriqueira, Dani Bellón, Quique Peón, ...

Na actualidade é mestre de percusión tradicional na escola de folclore *Tradescola* de Lugo, forma parte do colectivo *Galeoke*, que desenvolve unha aplicación de concurso-karaoke con repertorio exclusivamente en lingua galega, e conforma o trío *Vaamonde, Lamas & Romero* co que editou "*Vellas artes*" no 2008 e neste mesmo ano publicará o CD-DVD "O tambor de prata".

GHARBO!



SUSO VAAMONDE

Suso iníciase no mundo da música aos doce anos da man do seu profesor de Matemáticas, don Jaime Vaquero Golpe, e comeza a toca-la gaita coa axuda das clases que recibe do mestre Xosé Casal. No ano 1987 entra a formar parte do grupo de gaitas da *A.X. Xacarandaina* e, un ano máis tarde, da *A.F. Aturuxo*, de A Coruña. Con dezasete anos funda o grupo folc *Lecer*, que máis tarde convertírase nun cuarteto tradicional.

En 1994 pasa a formar parte da sección musical do hoxe desaparecido *Ballet Galego Rey de Viana*, e no ano 1995 do recién creado *Grupo de Gaitas da Comunidade Autónoma de Galicia*. Forma parte tamén do *Grupo de Música Tradicional do IGAEM* (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais). Pertenceu tamén ao quinteto *Leliadoura* dende o ano 1997 ata a súa desaparición. Foi fundador do grupo *Terrabieita* (dúo que integra con Xosé Lois Romero).

Ten impartido diversos cursos de técnica e afinación de gaita galega (*Casa de Galicia de San Sebastián*, *A.F.C. Cantigas e Frores*, *Asociación Cultural de Folclore Tradicional Ourensá*, *Academia Escola da Vaca*, do Ferrol, *Cursos de Especialización para a Galicia do Exterior* en Santiago de Compostela...)

Destaca ademáis no campo da composición, sendo autor de máis de corenta obras e outros tantos arranxos. A meirande parte da súa obra está gravada por él mesmo en diversas publicacións discográficas.

En maio e xuño de 1998 forma parte da xira de concertos "Mestres solistas europeos de Gaita" como representante galego xunto con Patrick Molard e Petko Stephanov entre outros.

Acadódou diversos premios como solista: Gañador do Concurso de Gaita Constantino Bellón nos anos 1992 e 1997, gañador do Premio LUAR 2000 como Mellor grupo de música tradicional...

Ten participado en máis dunha veintena de gravacións discográficas e publicado varias obras para gaita (*Solo de Gaita*, *Cadernos de gaita galega*, *Doce Polainas Enteras*, *De pano sedán*, revistas...)

En decembro de 2004 estrea en Trier (Alemaña) xunto con Ernesto Campos un *Concerto para gaita e órgano*, no que se inclúen temas galegos, clásicos e de autor. Este concerto volveuse repetir o 2 de xuño de 2006 na igrexa de San Vicente (Donosita) co gallo da celebración do 75 aniversario da Casa de Galicia de San Sebastián.

O 2 de agosto de 2005 foi o único gaiteiro solista encargado de interpretar a *Marcha do Antigo Reino de Galiza* na Toma de posesión do Presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño.

Participou tamén como gaiteiro solista nos actos de conmemoración do "25 Aniversario do Parlamento de Galicia", tanto na apertura coma na clausura, que tiveron lugar os días 14/12/2005 e 19/12/2006 respectivamente.

Actualmente é Mestre de Música Tradicional do IGAEM, e músico colaborador do recentemente creado *CCG (Centro Coreográfico Galego)*, tanto na interpretación de instrumentos como na impartición de talleres e obradoiros didácticos.

É fundador tamén duna das propostas lúdico-musicais máis innovadoras do panorama actual musical galego: o trío *Vaamonde, Lamas & Romero*.

GHARBO!



RICARDO ROZAS

Estuda guitarra con guitarristas de traxectoria internacional como Quique Azambuya, Serafín Carballo e Alberto Penoucos. Posteriormente estuda armonía, composición e arranxos con Suso Atanes cunha das figuras máis importantes do panorama jazzístico en Galicia, Abe Rábade.

Actualmente en xira co grupo de pandereteiras **Faltriqueira**, é coa compañía de danza **Nova Galega de Danza** co que ten gravado varios discos como "Alento" (Premio La Opinión 2005), "Engado" ou "Tradicción" (Premio da Crítica 2009).

Dende 2000 ven facendo tamén diversos traballos de arranxista, compositor e produtor no eido audiovisual (Universal Music Spain, TVG, Radio Galega, EcoVidrio, Galeoke...)

CONTRA2

Compañía formada por Iván Villar e Nelson Quinteiro no que ten sido definido como "unha das propostas máis interesantes e orixinais no mundo do canto e da danza tradicionais galegas, cunha aposta clara pola linguaxe contemporánea" (La Voz de Galicia, 23 de xaneiro de 2010)

Na esfera do canto tradicional amósase unha nova visión sobre o canto e a interpretación musical, mediante o emprego de elementos como escenas sonoras, ritmos sampleados ou pedais de loop, delay ou ecualización, postos ó servizo das letras tradicionais. Na esfera da danza, a compañía ofrece unha particular fusión entre a danza tradicional con outro tipo de movementos ou expresións que se achegan máis á danza contemporánea e a enerxías cercanas ó flamenco ou a outro tipo de conceptos.

O resultado, según afirman é "unha sinerxia entre ambos que fructifica nunha nova linguaxe escénica sen esquecerse das esencias das que beben". (La Voz de Galicia, 26 de febreiro de 2010)



DANZA e CONTRADANZA

É o nome da súa primeira montaxe, a súa carta de presentación, que ten sido presentado nos seguintes escenarios:

Casa do Concello. Cee. 7 de agosto de 2009 ESTRENO
 Fórum Metropolitano. A Coruña. Ciclo Forum Folk 2010. 25 de xaneiro de 2010
 Teatro Arte Livre. Vigo. Red Galega de Salas. 27 de febreiro de 2010
 Auditorio de Vimianzo. Rede Cultural da Excmá Deputación da Coruña. 27 de marzo de 2010
 Auditorio de Arteixo. Día da Danza 2010. 30 de abril de 2010
 Auditorio de Galicia. Santiago de Compostela. 28 de decembro de 2010
 Salón Teatro. Santiago de Compostela. I Mostra de Danza de Galicia. 28 de abril de 2011
 Festival dos abrazos. Santiago de Compostela. 18 de agosto de 2011

PAPIROFLEXIAS

É a segunda montaxe da compañía na que se acompañan das bailarinas Alba Vázquez e Laura García-Vera e da actriz María Polo para a creación dun espectáculo infantil.

É unha montaxe de rúa dirixida a un público infantil (5-99 anos) que xira sobre tres eixes fundamentais: o papel, a reciclaxe e a danza.

Para elo inspíranse no libro O PRINCIPIÑO de Antoine de Saint Exupéry, creando un asteroide onde todo é de papel. Os habitantes deste planeta, despois de viaxar planeta por planeta chegan á terra, onde descubren unha grande traxedia: para facer papel hai que talar árbores.

É por iso que toman como obxectivo transmitir unha grande mensaxe ós mais cativos: a de Reducir, Reciclar e Reutilizar... e o que é máis importante... XOGAR!!!!

PAPIROFLEXIAS, entón é un espectáculo que se recrea no papel e na súa historia, na papiroflexia e as súas bases... e que mestura a danza co particular selo de Iván Villar con traballo de rúa e o ritmo que imprime Nelson Quinteiro ás súas montaxes de rúa.

GHARBO!



Funcións:

25 de agosto de 2011. Festas de María Pita da Coruña

7 de outubro de 2011. Festas do Rosario da Coruña.

Contacto e contratación:

CONTRA2

Koldobika Gomila Carro
REPRESENTANTE
Rúa da Torre 65 10º C
contradous@gmail.com
15002 A Coruña
881 888 931
615 684 769